



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

DECRETO DE ALCALDÍA

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA AS OBRAS “CONDUCCIÓN DE REFORZO AO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE MONTE MENILLE”. (Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022) (Expte GESTIONA Nº 902/2022).

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, (Lugo).

Visto o Proxecto de "CONDUCCIÓN DE REFUERZO AL DEPÓSITO DE ABASTECIMIENTO DE MONTE MENILLE", de data xaneiro de 2022, asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Alberto Flores Aguiar, colexiado co nº 29.426, que tivo entrada no concello o 07/02/2022, rexistro de entrada RE-46.

Conta cun orzamento total de 23.000,26 euros, coa seguinte distribución:

- Valor estimado (sen IVE): 19.008,48€.
- 21% de IVE: 3.991,78€

Vista a Memoria de Alcaldía de data 25 de outubro de 2022 xustificando a contratación da obra.

Vistas as ofertas presentadas no concello polas seguintes empresas:

- Gonzalo González Grueira, con NIF 33313840-L, (Instalaciones Gonzalo) que tivo entrada no concello o 18/10/22 co nº RE-681, por importe estimado de 18.438,22€, máis 3.872,03€ de IVE, facendo un total de 22.310,25€.
- Adrián López Nogueira, con NIF 33557236-Y, (Instalaciones Picota) que tivo entrada no concello o 21/10/22 co nº 2.816, por importe estimado de 18.818€, máis 3.951,78€ de IVE, facendo un total de 22.769,78€.
- José Ángel Méndez Valle, con NIF 33325920-R, (Instalaciones y Reparaciones Méndez) que tivo entrada no concello o 21/10/22 co nº 2.917, por importe estimado de 18.723€, máis 3.931,83€ de IVE, facendo un total de 22.654,83€.

Visto o Informe de Intervención asinado en data 24 de outubro de 2022, pola Alcaldía e Intervención no que consta na partida 161.619 do orzamento do exercicio 2022, crédito retido adecuado e suficiente por importe de 23.000,26€ para facer fronte á contratación da obra.

Esta obra finánciase con cargo ó Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, aprobado polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo de data 5 de abril de 2022.

A comunicación da aprobación do acordo do pleno do organismo provincial tivo entrada no concello co número 987 de 12/04/22.

Esta actuación está subvencionada polo organismo provincial polo importe total de 23.000,26 euros.

Vista a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que tivo entrada no concello o día 18 de febreiro de 2022 con rexistro nº 418, no que autoriza o proxecto.



Vista a Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo, que tivo entrada no concello o día 3 de marzo de 2022, con rexistro nº 612, na que autoriza o proxecto coas condicións sinaladas na mesma.

Dacordo cos artigos 118 e 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Decreto de Alcaldía nº 318/2019, de 2 de xullo, recollido no acordo plenario de 05/07/2019.

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a tramitación do expediente de contratación polo procedemento de contrato menor dacordo co artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo.- Aprobar a contratación da obra de Condución de reforzo ao depósito de abastecemento de Monte Menille e aprobar o gasto con cargo á partida 161.619 do orzamento do exercicio 2022 por importe de 23.000,26€.

Terceiro.- Adxudicar a Gonzalo González Grueira, con NIF 33313840-L, (Instalaciones Gonzalo), o contrato menor de realización da obra de Condución de reforzo ao depósito de abastecemento de Monte Menille, polo importe total de 22.310,25€, dos cales representan como valor estimado de 18.438,22 euros, máis o IVE correspondente (21%) que supón un total de 3.872,03 euros, dacordo co presuposto presentado no concello e nos términos expresados no mesmo, por contar cos medios técnicos e humanos necesarios que require o obxecto do contrato.

A obra realizarase durante o prazo sinalado no proxecto, dous meses, e en todo caso na data límite do día 15 de novembro de 2023, dacordo cos prazos establecidos polo organismo provincial.

Deberá constar un cartel da obra segundo modelo marcado pola Deputación Provincial de Lugo, dacordo coa base 20 das Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, publicadas no boletín oficial da provincia de Lugo nº 6 de 10 de xaneiro de 2022.

Cuarto.- Notificarlle esta resolución á citada empresa.

Quinto.- Nomear como director da obra a D. Alberto Flores Aguiar e proceder a súa notificación.

Sexto.- Habilitar á Alcaldía deste Concello para a realización de calquera xestión ou sinatura de calquera documento necesarios, para o desenvolvemento e execución deste acordo.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE





CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

